



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 14 de marzo de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 7 de marzo de 2018.
2. Concédese licenza de obras para movemento de terras e demolición de edificacións auxiliares en Banda do Río, nº 17, Marín.
3. Dáse conta da comunicación relativas ás “Instrucións sobre publicidade dos programas de cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra”.
4. Solicítase a Liña 1 de subvencións destinadas á mellora dos montes mediante a creación do “Parque Forestal de Lagocheiras, MVMC de San Tomé de Piñeiro”, por importe de 3.141,18 euros (70% do seu custo), á Deputación de Pontevedra.
5. Dáse conta da concesión de subvención para o financiamento do investimento “Humanización da rúa Inferniño entre Camiño Cemiterio Vello e rúa Concepción Arenal”, con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
6. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Dáse conta da finalización dunha bolsa no Plan de Práctica Laboral 2017, da Deputación de Pontevedra.
2. Solicítase a Liña 2 de subvencións destinada á mellora dos montes mediante a creación do “Parque Forestal no Monte Veciñal en Man Común de San Xulián de Marín”, por importe de 27.478,61 euros (70% do seu custo), á Deputación de Pontevedra.
3. Dáse conta da concesión de subvención para a contratación de 16 traballadores desempregados, por importe de 106.004,16 euros, con cargo á Liña 3 do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
4. Proponse a adxudicación do contrato de obras de “Mellora e pavimentación do acceso á igrexa de Santa María do Campo” á empresa Construcciones E.C. Casas, S.L., incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300027C4100L7I0Q3S5Q4C6 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190162881
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 20/02/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/02/2019 08:55:07	Fecha: 20/02/2019 Hora: 08:55

